CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio
ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVIII - Nº 204. Febreiro 2023. Distribución gratuíta

O Mercamelide de inverno celebrarase o 25 e 26 de febreiro con fortes descontos

O Mercamelide de inverno, a gran feira de oportunidades do cerne de Galicia, celebrarase un ano máis e nesta ocasión será os vindeiros días: sábado 25 e domingo 26 de febreiro, en horario continuado de 11:00 a 20:00 horas no Pazo de Congresos. A nova edición do Mercamelide, organizado pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide en colaboración co Concello da vila, contará con 16 participantes de diversos sectores como: beleza, textil ou calzado. P3

A comarca acolle unha proba da Liga Raids de Orientación

Tres concellos da comarca, Melide, Toques e Santiso organizan, xunto con Xesta Natureza e a Federación Galega de Orientación, a primeira proba da Liga Galega Raids de Orientación en marzo. P13

"A vivenda e a mobilidade son os grandes obstáculos do rural"

Conversamos con María Fernández e María Mellid, traballadoras do GDR Ulla Tambre Mandeo para coñecer as tarefas que realizan a diario dende esta entidade na que se promoven os proxectos no rural. P21

EMPRESA
Melide contará cun polo de emprendemento a finais deste ano 2023 P5

MELIDE
O IES participa na iniciativa '21 días co galego' para promover o uso da nosa lingua P12

COMARCA
A Fiscalía pide 18 anos de cárcere para os acusados polo Crime de Toques de 2019 P22

ENTREVISTA

Santiago Quintás, Melimática P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE
31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca
www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

A memoria a curto prazo

Unha das personaxes de Disney máis entrañables, *Dory* -un adorable peixe azul, amigo de Nemo-, ten un grave problema que é a memoria a curto prazo, cando pasan apenas 10 segundos *Dory* esquece o que acaba de suceder. Esta é unha característica que como sociedade en xeral se nos foi contaxiando co paso do tempo, xa non nos interesan os antecedentes, as consecuencias, reflexións ou causas dun feito, simplemente nos quedamos co último, o inmediato.

Un dos debuxos con texto do escritor galego Castelao. / Foto: Hisotoria-arte

Quedan arredor de tres meses e medio para que as persoas con dereito a voto o exerzan nas eleccións municipais e comezan as carreiras. Dende as oposicións locais arrincan a contar todo aquilo que está sen facer e é imprescindible para as vilas, así como a criticar todo o feito polos seus contrincantes asentados no Goberno. Pola outra banda, os partidos políticos que estiveron durante estes case catro anos á fronte dos Concellos apuran esta tempada para enxalzar e poñer en valor todas as accións, medidas e obras levadas a cabo para mellorar a calidade de vida da veciñanza. Mentres tanto, a poboación está desconectada da política, cansa e metida de cheo nos problemas diarios que máis lles preocupan.

Nun clima continuo de crispación, a clase política confía en que a sociedade, ao igual que lle acontece a *Dory*, só recorde o feito ou sucedido nos últimos meses, xa sexa para beneficiarse uns ou prexudicar a outros. Ter só memoria a curto prazo é perigoso, dado que para tomar unha boa decisión é imprescindible poñer as situacións en contexto, buscar causas e observar as consecuencias. Como sociedade temos a obriga moral de non esquecer, nin o bo nin o malo, porque coñecer o pasado permitiranos non cometer erros no presente.

Editorial

Ciencia en feminino

Xunta Directiva de ASETEM - CCA



Unha muller co cabelo enredado en cuestións científicas. / Foto: @marialamort

Marie Curie, Jane Goodall, Antonia Ferrín, Deborah García, Ángeles Alvariño, María José Alonso, Mar Capeáns, Tarsy Carballas, Alicia Estévez, Carmen García Mateo, María Teresa Miras, Marisol Soengas, Begoña Vila, Peregrina Quintela, ... Estas son só algunhas das mulleres científicas que nos últimos anos contribuíron a mellorar co seu traballo, dunha ou outra maneira, a nosa calidade de vida.

Estas mulleres non o tiveron fácil porque no seu ámbito de traballo as referentes eran moi pouco coñecidas. A ciencia é un sector no que se mantén unha forte fenda de xénero, todas e todos poderíamos dicir alomenos 5 científicos homes pero no pasa iso se preguntamos polas científicas en feminino.

Febreiro é o mes da muller e a nena na ciencia, o que debe ser motivo ou escusa para buscar eses referentes femininos e poñer en valor o importante traballo que desenvolven.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia , Fernando, C
Xestión e CEIP de Arcediago
AGRADECEMENTOS: Pilar López,
Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....12
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- COLABORACIÓNS.....21
- ENTREVISTA.....23

O Mercamelide de inverno celebrarase os días 25 e 26 de febreiro con grandes descontos do comercio local

Unha imaxe do Mercamelide de inverno do ano pasado no Pazo de Congresos de Melide. / Foto: Cerne

O Mercamelide de inverno, a gran feira de oportunidades do cerne de Galicia, celebrarase un ano máis e nesta ocasión será os vindeiros días: sábado 25 e domingo 26 de febreiro, en horario continuado de 11:00 a 20:00 horas no Pazo de Congresos.

A nova edición do Mercamelide, organizado pola Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide en colaboración co Concello da vila, contará con 16 participantes, todas elas tendas de proximidade da localidade, que apostarán por enviar a esta feira de oportunidades diversos produtos e artigos con grandes descontos para que a clientela poida aproveitar este evento para mercar nunha gran variedade de sectores como son: téxtil, calzado, seguros, complementos, audición, telefonía, descanso, deportes, electrodomésticos, beleza e lencería, entre outros.

Os establecementos participantes anotados ata o momento son: Electrosan, Flor de Toxo Benestar, Pequeniños Zapatería Infantil, Goalkers Melide, Mis Mejores Labores, Marvi, Zafiro Tours, Colorín Colorado, Creaciones MJ, Modas Alfonso, Tu Boutik, Stardemoda, Instituto de la Sordera, Juifi e Locuras. Este listado pódese ampliar dado que ata o vindeiro luns día 20 está aberto o prazo para que os establecementos do municipio poidan inscribirse para formar parte desta edición do Mercamelide de inverno. Os negocios asociados a ASETEM deben facer a súa inscrición na entidade asociativa e no caso dos non socios no Departamento de Promoción Económica do Concello.

Para complementar e ofrecer unha maior comodidade para as persoas que asistir ao Mercamelide, durante as xornadas comerciais haberá no Pazo de Congresos un servizo de actividades infantís para que os pais e nais poidan deixar alí as súas crianzas e mercar de xeito máis tranquilo nos comercios participantes. A maiores, o sábado celebrarase neste espazo o Día da Xuventude, organizado pola Xunta de Galicia ao abeiro do Plan Corresponsables do Ministerio de Igualdade, para a mocidade de máis de 12 anos. Nesta celebración haberá diferentes actividades como xogos educativos de gastronomía, fútbol burbulla, obradoiros medioambientais, futbolín humano ou habilidades de empregabilidade. Todas as actividades, tanto as infantís que estarán o sábado e o domingo como as do primeiro día para a mocidade serán totalmente gratuítas.

Esta iniciativa é unha oportunidade máis para poñer en valor e promocionar o comercio local melidá que é unha das grandes fortalezas do municipio.

Dende ASETEM - CCA fan fincapé na necesidade de animar tanto á veciñanza como aos establecementos a participar mercando e expoñendo nesta tradicional feira de oportunidades de Melide porque é un selo de identidade máis da vila e unha das campañas con maior percorrido entre o comercio de proximidade do municipio. Por este motivo, dende a asociación confían en que “a veciñanza da comarca e outros concellos limítrofes acuda durante o sábado e o domingo do Mercamelide ao Pazo de Congresos para mercar os mellores produtos e servizos locais a grandes prezos”. Pola outra banda, Xosé Igrexas, concelleiro de Promoción Económica, está convencido de que “un ano máis, o Mercamelide vai supor unha oportunidade de negocio para o comercio local”, dado que esta cita non só favorece ás tendas participantes senón que tamén a todos os negocios do municipio porque durante esa fin de semana o fluxo de visitantes vai ser maior grazas a contar cun atractivo a maiores. O Mercamelide é unha iniciativa para todos e todas.

FOTOS GAÑADORES E GAÑADORAS DE NADAL

As clientas de Sakho e Yethi Carburantes cos responsables destes establecementos na entreda do 1º (2.000€) e o 2º (1.000€) premio da campaña de Nadal organizada por ASETEM - CCA. / Fotos: Cerne

O premiado con 1.000 euros en Toysmaniatic Melide cunha das xerentes do negocio. A premiada en Electrosan con 500 euros xunto coa responsable deste establecemento de proximidade. / Fotos: Cerne

Á esquerda, o cliente de Recambios Sando premiado con 500 euros xunto co xerente do comercio. Á dereita unha das responsables de ASETEM - CCA coa premiada de Electricidade Vilela. / Fotos: Cerne

Melide contará cun polo de emprendemento a finais de 2023

As instalacións dun dos polos de emprendemento e apoio ao emprego situado en Silleda. / Foto: Xunta de Galicia

O concello de Melide é escollido, xunto con outros tres municipios galegos, para acoller un polo de emprendemento e apoio ao emprego que estará en funcionamento a finais deste ano 2023.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Emprego, creará un espazo de asesoramento e acompañamento continuado para empresas e persoas traballadoras por conta propia.

Os polos emprendemento, xa existentes en Silleda, Verín, Coristanco, Ferrol e Monforte de Lemos, son unha rede creada "como instrumento coordinador de todas as políticas de emprendemento de Galicia", sinalan dende o Goberno autonómico. O persoal técnico que traballa nestes espazos ten como tarefa guiar e asesorar de maneira próxima para acadar unha fórmula de éxito adaptada a cada negocio, tendo en conta as peculiaridades de cada territorio; así mesmo como informar acerca da captación de inversión e financiamento, a orientar e facilitar recursos físicos. Ademais, estes locais contan con lugares de traballo temporal e *networking*.

O persoal dos polos de emprendemento son profesionais cualificados e con experiencia empresarial en diferentes actividades, polo que poderán titorizar a túa iniciativa. Nestes espazos emprégase unha metodoloxía común validade e adaptada a cada proxecto.

As ferramentas empregadas polos titores e titoras destes centros de asesoramento están enfocadas cara a consecución de obxectivos. Para iso está habilitada o SIE, unha ferramenta territorial que fai unha análise socioeconómica de cada municipio polo miúdo e detecta as súas necesidades para determinar novos nichos de mercado. "Queremos detectar capacidades non cubertas no territorio, para poder obter un mellor coñecemento das ideas de negocio que poden desenvolver futuros emprendedores con perspectivas favorables", sinalan por parte do Goberno autonómico.

A rede de polos emprendemento e apoio ao emprego non só está destinada a persoas cun proxecto en mente que quere facer realidade, tamén para persoas con empresas xa consolidadas ou creadas que queren expandirse ou explorar outros nichos de mercado adecuados, ou inclusive a persoas para as que emprender podería ser unha alternativa para o seu futuro laboral.

Dende a Consellería de Promoción, Emprego e Igualdade fan fincapé en que "apostar polo emprendemento é avogar polo futuro e o motor económico de Galicia", ademais, indican que a Xunta desenvolve esta premisa dende unha perspectiva feminina e co foco posto tamén na mocidade.

Esta iniciativa conta con 9,2 millóns de euros de financiación para seguirse expandindo durante este 2023.

A maiores de Melide, haberá outros tres concellos da comunidade autónoma que contarán con polos de emprendemento este ano e son: Friol, A Fonsagrada e Mondoñedo. Cada localidade dará servizo non só ao propio concello senón a outros próximos, polo que ata Melide se poderán achegar empresarios e autónomos ou autónomas de municipios como Sobrado, Santiso, Toques ou Arzúa.

As persoas interesadas en saber máis sobre esta iniciativa de emprendemento desta rede de apoio de emprego poden consultar a páxina: polosemprendemento.gal.

ASETEM - CCA promove as compras do Día dos Namorados a través das redes sociais

Unha das imaxes promocionais da campaña en redes sociais do Día dos Namorados. / Foto: ASETEM - CCA

A Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide promove as compras do Día dos Namorados cunha campaña a través das redes sociais.

A pesares de ser un período de mercas que foi perdendo peso co paso dos anos, dende ASETEM - CCA queren animar á veciñanza da comarca e doutros concellos limítrofes a comprar os seus agasallos dos namorados en Melide, dado que a vila é todo un referente de produtos e artigos da mellor calidade e con moi bos prezos para festexar o amor tendo un pequeno detalle con esa persoa que queres de xeito especial.

Por parte da directiva da asociación empresarial fan fincapé na necesidade de, nestes momentos de incerteza, que a veciñanza se comprometa cos establecementos de proximidade (hostalería, comercios, servizos, empresas, etc) porque se Melide consegue ter un tecido empresarial forte "beneficiarémonos todos e todas dun ou outro xeito". Por este motivo, Asetem desenvolveu durante as xornadas previas ao Día dos Namorados esta campaña de promoción e difusión dos establecementos locais do municipio porque en Melide tes de todo para poder facer un agasallo.

O mes de xaneiro deixa seis persoas menos no paro na comarca da Terra de Melide

A conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade facendo un repaso aos datos do paro. / Foto: Xunta de Galicia

A pesares de ser, tradicionalmente, un mal mes para os datos do paro por mor do fin da campaña de Nadal na comarca da Terra de Melide o descenso das persoas desempregadas continúa.

No primeiro mes do 2023 foron seis persoas no paro as que atoparon traballo. Se dividimos os datos por concellos non todos son positivos xa que: en Santiso e Toques soben os parados en 4 e 1 persoa respectivamente; e Melide e Sobrado teñen 9 e 2 persoas menos desempregadas en xaneiro. O total de parados quédase nos 455 na comarca e en municipios: Melide 326, Santiso 57, Sobrado 45 e Toques 27.

A nivel autonómico, a conselleira de Promoción do Emprego e Igualdade, María Jesús Lorenzana, destacou que os datos do paro en xaneiro amosan a "boa evolución" do mercado de traballo en Galicia que no último ano, comparando entre xaneiro 2022 e ese mesmo mes no 2023 "rexistrou unha caída do desemprego do -5,77%", o que se traduce en 8.884 persoas menos desempregadas na comunidade autónoma.

A premiada dos Días Azuis recolle a tarxeta de 250 euros

A premiada dos Días Azuis recolle a tarxeta prepago de 250 euros. / Foto: Cerne

A premiada na campaña da Federación Galega de Comercio, en colaboración coas asociacións comerciais como ASETEM - CCA, dos Días Azuis, Isabel Camino, recolleu a tarxeta prepago de 250 euros que conseguiu no sorteo da iniciativa grazas a mercar no comercio local de Melide, concretamente nunha tenda de Calzados Broz.

Esta veciña melidá poderá mercar nos establecementos de proximidade da vila coa tarxeta prepago dos Días Azuis, o que implica que esta iniciativa na súa edición de outono vai repercutir, como mínimo, en 250 euros. A vindeira edición desta campaña de promoción do comercio local prevese que se celebre no mes de xuño.

Aberto o prazo para presentar as solicitudes das axudas do Plan Renove Electrodomésticos

Varios electrodomésticos que entran no Plan Renove expostos no comercio local, en Electrosan. / Foto: Cerne

Aberto o prazo para solicitar as axudas do Plan Renove Electrodomésticos da Xunta de Galicia. Esta iniciativa ten por obxectivo a concesión de subvecións para a renovación de electrodomésticos nos fogares galegos.

Os aparellos recollidos nesta axuda son os das seguintes tipoloxías: frigorífico ou frigorífico-conxelador con clasificación enerxética A,B,C ou D; conxelador con clasificación enerxética A,B,C ou D; lavadora coas mesmas clasificacións enerxéticas; lavalouzas; e, por último, placas de indución total (soamente tecnoloxía de indución, non poden ser mixtas). Para acceder á subvención hai que entregar o electrodoméstico retirado a un xestor autorizado.

Os gastos subvencionables deberán estar realizados e pagos dentro do prazo para a execución da instalación establecido que é de 60 días naturais contados desde o día seguinte á presentación da solicitude, coa data límite do 30 de setembro deste ano.

As solicitudes preséntanse dende as entidades colaboradoras (é dicir, os comercios adheridos a esta campaña como pode ser en Melide Electrosan) xunto coa documentación indicada. Esta solicitude farase, obrigatoriamente, por medios electrónicos a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou ben dende a páxina web do Inega (www.inega.gal).

As axudas económicas máximas por electrodoméstico en función da súa tipoloxía son: frigorífico ou frigorífico-conxelador, e conxelador máximo 150 euros para un consumidor xeral, 300 se está en situación de vulnerabilidade e 450 euros en vulnerabilidade severa; lavadora e lavalouza para un consumidor xeral máximo 100 euros, no caso dunha persoa en situación de vulnerabilidade 200 euros, e en vulnerabilidade severa 300 euros; no caso das placas de indución as cifras serán: 100, 200 e 300 euros. Un beneficiario só poderá recibir unha subvención.

Para obter máis información sobre estas axudas pódese enviar un correo electrónico ao inega.info@xunta.gal ou chamar ao 981 54 15 00.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

ópticastábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

Nova edición do Bono para as persoas autónomas destinado á compra de maquinaria ou ferramentas



Un autónomo do sector audiovisual traballando na súa oficina durante unha xornada de traballo. / Foto de arquivo

O Goberno autonómico lanza unha nova edición do Bono das persoas autónomas, dotado con 8 millóns de euros. Esta axuda económica está destinada a: por unha banda, traballadores e traballadoras dadas de alta no Réxime Especial de Autónomos ou mutualidade profesional, cunha antigüidade superior a 42 meses ininterrompidos na realización dunha actividade empresarial ou profesional que acrediten unha facturación mínima no 2021 de 12.000 euros no IRPF dese ano. Por outra banda, sociedades que na data da solicitude teñan unha persoa autónoma societaria cunha antigüidade superior a 42 meses na realización efectiva dunha actividade profesional, así mesmo que non fose beneficiaria desta axuda con anterioridade, que teña unha facturación mínima de 12.000 euros (IVE incluído) no ano 2021 e unha base impoñible no Imposto de Sociedades do 2021 inferior a 30.000 euros.

A cuantía que pode recibir unha persoa beneficiaria é do 80% do investimento subvencionable, cun máximo de 3.000 euros, polo que o resto de importe correrá a cargo da persoa autónoma. As accións que se acollen nesta axuda económica son: compra de maquinaria; compra ou instalación para a mellora da eficiencia enerxética, entendendo por tal cambio ; investimentos para a substitución de combustibles fósiles ou materiais críticos ou escasos; compra de utensilios ou ferramentas; reformas de escasa entidade do local do negocio (exclúese o domicilio habitual da persoa traballadora); equipamento informático (ordenadores, tabletas, escáner ou similares); rótulos (carteis físicos identificativos dos negocios ou da súa localización); deseño de marca; equipamento de oficina e negocio; aplicacións informáticas, redes sociais, APP, ou páxinas web (importe satisfeito pola propiedade ou polo dereito ao uso de programas informáticos); e, por último, deseños de marca. En ningún caso se considerarán subvencionables teléfonos móbiles intelixentes.

Os investimentos deberán estar realizados e pagados entre o 1 de xaneiro deste ano ata a data de solicitude da axuda, efectivamente xustificados mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento. O prazo para solicitar o Bono Autónomo é ata ás 9:00 horas do 29 de setembro do 2023.

As persoas que reciban esta subvención teñen a obriga de manter a alta como persoa traballadora autónoma durante un tempo mínimo de dous anos dende a solicitude da axuda.

Non se poderán beneficiar desta axuda económica: nin persoas que cobrasen a mesma outra edición anterior, nin tampouco os familiares que, de maneira habitual, realizan traballos para persoas traballadoras autónomas ou mutualistas de colexio profesional e que non teñan a condición de persoas traballadoras por conta allea.

As axudas do Bono Enerxía Peme abren o prazo de solicitude para os sectores do comercio, hostalería e servizos

As pequenas e medianas empresas, así como as persoas traballadoras do sector comercial, servizos, hostalería, actividades financieiras e de seguros, información e comunicación, actividades administrativas e servizos auxiliares, inmobiliarias, actividades sanitarias e de servizos sociais ou de educación por conta propia, entre outros, poden solicitar as axudas da terceira edición do Bono Enerxía Peme.

Os proxectos subvencionables nesta convocatoria son:

*Bono asesoramento enerxético, que inclúan inventario dos principais equipamentos do centro de traballo, análise de consumo e propostas de optimización.

*Auditorías enerxéticas, con medicións e análise das actuacións de eficiencia enerxética, de implantación de enerxías renovables, sistemas de tele-xestión e automatización. As persoas que realicen os traballos deben estar dadas de alta na listaxe de empresas interesadas en prestar servizos de diagnose ou auditoría enerxética no contexto do programa Bono Enerxía Peme. Esta lista actualízase dinamicamente e inclúense empresas a medida que se reciban solicitudes.

*Bono envolvente: elementos de control solar (toldos ou láminas de control solar e/ou térmico), non serán subvencionables os elementos que incorporen publicidade.

*Bono iluminación: renovación de equipamentos de iluminación interior e/ou exterior, rótulos e escaparates, por outros que utilicen tecnoloxía LED.

*Bono instalacións eléctricas: inclúe renovación de transformadores, incorporación ou renovación de sistemas de alimentación ininterrompida, compensación de enerxía reactiva, instalación de filtros economizadores ou similares.

A xerente de Diva Pro realizando os seus servizos con diferentes focos de iluminación . / Foto de arquivo

*Bono equipamento: renovación do equipamento consumidor de enerxía do establecemento, como cafeteiras, lavalouzas, lavadoras, secadoras, pasadoras de ferro, *vending*, mobles frigoríficos, etc; sempre que se poida acreditar unha cualificación enerxética B ou superior. Aqueles equipamentos para os que non exista sistema de cualificación enerxética deberán xustificar que o novo equipamento ten unha eficiencia enerxética superior ao retirado. Deberá xustificarse a retirada do equipamento existente e a súa entrega a un xestor autorizado.

*Bono climatización: equipamentos fixos que permitan reducir o consumo de enerxía das instalacións de climatización, ventilación e auga quente sanitaria. Os novos equipamentos deberán ter unha potencial nominal superior a 5kW e ter unha cualificación enerxética B ou superior. Tamén será subvencionable a incorporación de recuperadores de calor, sistemas de arrefriamento gratuíto, mellora dos illamentos da instalación de climatización, sistemas de movementos de fluídos caloportadores e de regulación e control.

*Bono inmótica: sistemas domóticos, así como inmóticos que permitan xestionar a enerxía e o gasto enerxético de forma máis eficiente.

O investimento mínimo debe ser de 1.000 euros, IVE excluído (agás cando se solicite exclusivamente o Bono asesoramento, que debe ter un investimento mínimo de 200 euros). A contía da axuda é o 80% investimento elixible, cun máximo de 6.000 euros por solicitude. Os autónomos ou as pequenas e medianas empresas solicitantes poderán acceder a un anticipo de ata o 50% sen avais.

Ademais, deberase garantir que, de recibir a persoa beneficiaria outras axudas baixo o réxime minimis, non se supera o límite de 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais. Para as empresas do sector do transporte de mercadoría por estrada, este límite redúcese a 100.000 euros.

Nesta nova edición serán subvencionables os investimentos realizados entre o 1 de xaneiro e o 2 de outubro deste ano. O prazo de solicitude para solicitar estas axudas económicas está aberto ata o vindeiro 29 de marzo de 2023 e presentaranse a través da sede electrónica da Administración autonómica.

O interior dunha empresa e como protagonista a iluminación da sala. / Foto de arquivo

A Deputación da Coruña destina 3,6 millóns de euros para impulsar a creación de emprego nos concellos da provincia

A Deputación da Coruña destina 3,6 millóns de euros para impulsar a creación de emprego nos 93 concellos da provincia, entre os que se atopan Melide, Sobrado, Toques e Santiso.

Estas axudas están destinadas ás Administracións municipais e convócanse a través do programa PEL - Concellos, unha das liñas do seu Plan de Emprego Local (PEL), que este ano investirá máis de 12,8 millóns de euros á creación de emprego no sector público e privado.

Esta parte das subvencións PEL permitirá que as Administracións locais contraten durante un ano a persoas desempregadas para a prestación de servizos municipais como limpeza viaria, mantemento de iluminación pública, recollida e tratamento de residuos, abastecemento de auga potable, conservación de redes de sumidoiros, melloras en accesos a núcleos de poboación ou mantemento e vixilancia de centros públicos, entre outros servizos.

Valentín González Formoso, presidente da Deputación da Coruña, fai fincapé en que o PEL "é o maior programa de emprego impulsado por unha administración local en Galicia" e destacou o "carácter social" destas axudas.

Cada Concello recibirá unha cuantía de cartos diferente, dependendo da cantidade de poboación. No caso das localidades con menos de 50.000 habitantes como os municipais da comarca da Terra de Melide recibirán: Melide 43.000 euros, Santiso 25.000 euros, Sobrado 22.000 euros e, por último, Toques con 19.000 euros.

Outra liña de axudas que a Deputación da Coruña vén de publicar é **Emprende Investimento**, cuxo obxectivo é contribuír á consolidación e ao fortalecemento do tecido empresarial nos concellos da provincia a través do apoio ao investimento en bens inventariables de Pemes e persoas autónomas.

Valentín González Formoso e o Deputado de Emprego, José Ramón Rioboo. / Foto: Deputación da Coruña

Os requisitos para ser beneficiario ou beneficiaria desta axuda son:

* Ter domicilio fiscal nun concello da provincia da Coruña.
* Ter unha antigüidade máxima de 5 anos de exercicio continuado na actividade empresarial.
* No caso de persoas autónomas, estar dada de alta no RETA ou en calquera outro réxime especial por conta propia da Seguridade Social é non ter unha antigüidade de máis de 5 anos.
* Para persoas xurídicas é a data de constitución da empresa a que non pode pasar de 5 anos.

Os gastos subvencionables dentro desta liña de axudas son aqueles que resulten estritamente necesarios para o desenvolvemento da actividade. Nestes gastos entran: aplicacións informáticas, maquinaria, mobiliario e equipos para procesos de información. Os investimentos deben ser realizados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2023.

As entidades poderán presentar un orzamento mínimo de gasto (IVE excluído) de 3.500 euros e un máximo de 25.000 euros, do cal poderán solicitar, como moito, o 70%.

A seguinte liña de axudas é **PEL Autónomos/as** para fomentar o emprendemento e o traballo por conta propia nos municipios coruñeses de menos de 20.000 habitantes, polo que entran todos os concello da comarca da Terra de Melide, poñendo en marcha mecanismos necesarios para a supervivencia e fortalecemento do tecido empresarial autónomo.

As persoas que se poden beneficiar desta subvención deben ser autónomas que desenvolvan unha actividade económica con ánimo de lucro, con enderezo fiscal nun concello da provincia con menos de 20.000 habitantes e unha antigüidade máxima de 5 anos.

Os gastos subvecionables nesta partida económica son: as cotas mensuais de autónomos e ou mutualistas correspondentes ao ano 2023 que non reciban ningún tipo de axuda ou calquera outro concepto similar como os definidos nas bases no apartado de compatibilidades e incompatibilidades. Non serán subvencionables as cotas inferiores a 200 euros nin as correspondentes a períodos inferiores a un mes natural.

A axuda consistirá nunha cuantía fixa de 200 euros por cada mes nos que se cumpran os requisitos ata un máximo de 12 meses e un mínimo de 6 meses correspondentes ao período subvencionado 2023. Polo tanto, no caso de solicitar os 12 meses a cifra ascende aos 2.400 euros e no dos 6 meses son 1.200 euros.

Outra das liñas é o **PEL-Pemes Mantemento** que teñen como finalidade apoiar ao tecido empresarial para o mantemento da contratación laboral indefinida das persoas que foron contratadas con cargo ás axudas á contratación para a creación e ampliación do cadro de persoal de pequenas e medianas empresas, así como microempresas.

Esta subvención está dirixida a pequenas e medianas empresas, microempresas e persoas autónomas beneficiarias da axuda PEL - Pemes Creación e Ampliación 2022, que realizaron a contratación de maneira indefinida inicialmente ou con carácter previo á presentación da solicitude destas novas subvencións.

O importe destas axudas para o mantemento dun contrato indefinido no que a persoa contratada pertenza a algúns dos colectivos en situación de vulnerabilidade será mínimo de 1.000 euros e máximo 11.000 euros, no caso de persoas sen situación vulnerable o máximo redúcese a 10.000 euros.

A última liña de subvencións é a **PEL Creación e Ampliación** destinada a Pemes, micro empresas e persoas autónomas que desenvolvan a súa actividade nun concello de menos de 20.000 habitantes para a contratación laboral dun traballador.

Será subvencionable ata o 70% do orzamento de gastos cun mínimo de axuda de 1.000 euros e un máximo de 15.000 euros.

O prazo de solicitude estará aberto ata 10 de marzo ás 14:00 horas.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE..."

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono:
642 007 210

A LOGOPEDIA NO CANCRO

O 4 de febreiro é o día mundial contra o cancro. Seguramente non sabiades que a logopedia é unha disciplina que traballa con persoas con cancro. Aínda que podemos traballar con outro tipo de tumores, o máis habitual é que traballemos co cancro de cabeza e pescozo (CCC).

Este termo, comprende tumores en diferentes partes das estruturas orofaciais (beizos, cavidade oral, larinxe, farinxe, fosas nasais, etc.). As causas ou factores de risco pasan polo abuso do alcohol e o tabaco, así como outros factores secundarios (infeccións mal xestionadas, mala hixiene oral, etc.).

As persoas con cancro de cabeza e pescozo poden presentar diferentes síntomas: dor na gorxa durante a emisión vocal, disfonía ou afonía (alteración ou ausencia de voz), dificultade para tragar, úlceras a nivel de cavidade oral, obstrución ou sangrados nasais, dificultade na mobilidade lingual, etc. Debido a esta sintomatoloxía, vense afectadas diferentes funcións estomatognáticas (mastigación, deglutición, fonoarticulación, voz ou respiración) e as capacidades do gusto e do olfato; todas elas capacidades que traballamos a nivel de logopedia.

A logopeda debería comezar a traballar con estes pacientes dende o diagnóstico, para explicarlles os cambios que poden experimentar tralo tratamento (cirurxía, quimio ou radio) e mostrarlles os recursos, as limitacións e os resultados do tratamento. Normalmente a logopeda comeza o traballo despois dunha cirurxía ou un tratamento con quimio/radio polo que traballará con modificacións na musculatura e/ou nas estruturas. Se se tivo que extirpar algunha estrutura, haberá que modificar o mecanismo dalgunha das funcións e se a afectada foi a musculatura, deberase modificar a súa acción nas funcións.

É o caso do cancro de larinxe, cando teñen que extirpala totalmente, fai que a persoa quede sen cordas vocais, e non poida falar normalmente. Noutros casos, a extirpación parcial da lingual ou doutras estruturas implicadas na mastigación, deglutición ou articulación da fala como podería ser a mandíbula, o padal ou farinxe poden facer que cambie a forma de falar, comer ou respirar. A logopeda deberá reforzar a acción muscular da estrutura modificada para a voz ou a respiración e pode necesitar de modificacións na dieta ou na postura en que a persoa se vaia alimentar.

A quimio e a radio, modifican menos as estruturas pero tamén provocarán alteracións, pola súa agresividade cos texidos. Poderán modificar a capacidade muscular, e nalgúns casos afectarán a olfato e gusto. Nestes casos a logopeda traballará sobre a musculatura para mellorar o movemento e que condicione o menos posible calquera das funcións implicadas e fará un adestramento para que as rutas sensoriais a nivel cerebral se reactiven e a persoa recupere parcial ou totalmente eses sentidos perdidos.

A mellor maneira de previr este tipo de tumores pasa por reducir os factores externos, que si podemos controlar con respecto aos xenéticos ou internos. Evitar hábitos como o tabaco e o alcohol, boa hixiene oral, entre outros, son pequenas accións que poden reducir a prevalencia deste tipo de tumores. Coidar da saúde dende a prevención sempre é mellor!

Historias dun emigrante

A vida dun tratante nos anos 80 empecei a comprar un becerro e ganeille algo, despois comprei moitos máis dicían que os tratantes eran pillos pero eu creo que tamén eran pillos os paisanos que ía comprar e dicíanme que lle daban por exemplo 80.000 pesetas e era mentira, ó mellor dábanlle 75.000 pesetas e eu dicíalles: vale, douche 82.000 pesetas. Eu críalle o que me dicía e despois na feira da deume 78.000 pesetas e despois fun espabilando e dáballes o que me parecía a min, unha vez ganaba e outras non.

Unha vez compreille a unha señora dous becerros moi guapos e díxome a ela: vale, se ganas moito danos algo para a nena, despois ganei 7.000 pesetas, non era moito pero eu díxenllo ó rapaz que viña comigo polo que non lle dou nada e dime o rapaz, home dálle 3.000 pesetas que che quedan 4.000 pesetas e díxenlle á señora que lle daba 3.000 pesetas para a nena díxome a señora que cando lle dou iso é porque ganei moito máis e díxome que nunca fixera iso, compra polo que poidas e nada máis. Eu levara becerros dende un mes ata de doce meses, inclusive se mataban os que podían pesar 50 ou 60 quilos en canal.

Os que están contra as corridas de touros que se pintan de pintura vermella para que pareza sangue que se tiran na estrada sen roupa, tiña que saber o que pasa con todos os animais. Os touros teñen tres ou cinco anos en liberdade vivindo ben e despois á Praza de Touros ó espectáculo a unha pelexa, eles tamén quere matar ao toureiro. A min o que menos me gusta é cando van a cabalo co chuzo e lle dan ao animal. A xente que está en contra das corridas de touros debían saber e pensar cando se matan becerriños de dous meses, porquiños dun mes ou conexos que ao mellor votan toda a súa vida sen unha perna, as vacas que están todo o día na corte presas e ás veces sen auga e case sen comida.

Eu cheguei ver, incluso, unha señora que vivía nunha corte sen luz nin auga corrente, tiña un sobriño que ía levarlle comida cada catro días e moitas máis cousas. Esas persoas que se pintan de pintura para que pareza sangue creo que deberían recorrer as aldeas, estou falando dos anos 80.

Había unha casa na que compraba todos os becerros pero un día foi un carniceiro da Coruña e ofreceulles un prezo, o quilo ía a un prezo moi por encima do que estaba por aquí (en Palas de Rei e Melide) e compraron un remolque para el e un amigo, dende esas lévanllos á Coruña ao matadoiro. Non obstante, ao que pasou un ano parecíalles que pesaban pouco, eu díxenlles que foran ao matadoiro e que preguntaran polo veterinario decídelle que queredes saber o que pesaron para unha subvención. Mandaran dous becerros había catro días e díxolle ao veterinario o que pesaran e en dous becerros había 35 quilos de menos do que lle dicía o carniceiro. Debía haber un taxador para que fixera de intermediario.

Ademais, tenereira galega debían ser os que teñen dez ou vinte vacas e que maman o leite da nai ata que se vende de sete ou nove meses, comen herba seca, millo ou cebada, todo natural. Estes becerros si que son tenreira galega.

Fernando R.F

O IES participa na iniciativa '21 días co galego e máis' para promover o uso da nosa lingua

Alumnado de 4º da ESO nunha das actividades, titulada 'A derradeira lección do mestre'. / Foto: IES de Melide

O IES de Melide participa na iniciativa '21 días co galego e máis', da Secretaría Xeral de Política Lingüística, para promover o uso da nosa lingua no marco do Plan de dinamización da lingua galega na mocidade.

O centro educativo aproveitou a celebración da Semana da Paz e non Violencia para desenvolver todo un programa de actividades en galego.

Durante esta semana, cada día realizouse unha actividade central proposta por un departamento ou materia e arredor dela desenvólvense outras puntuais. Todas as iniciativas teñen como "obxectivo que nós, as alumnas e alumnos, reflexionemos sobre a necesidade cada vez máis urxente de políticas tanto nacionais como internacionais que encamiñen o noso percorrido cara a un mundo máis pacífico e máis xusto", manifesta o alumnado do IES de Melide.

Unha das actividades englobadas en '21 días co galego e máis' é 'A derradeira lección do mestre' na que o alumnado de Ciencias Socias de 4º da ESO representou no Castelo do municipio o cadro do mesmo nome de Alfonso Daniel Rodriguez Castelao.

Dende o centro educativo destacan arredor desta iniciativa que "nos anos 30 do século XX, a represión franquista tinguiu con sangue a nosa cultura, a nosa liberdade e a nosa lingua. Por iso, no Día Escolar da non Violencia e da Paz, celebramos en Galicia un ensino en democracia, en liberdade e en galego".

O alumnado de 1º da ESO en Bioloxía dentro da tarefa 'Ciencia para a Paz' elaborou un cartel sobre "como a ciencia pode contribuír á paz e a vindeira semana terá que expoñer brevemente na aula, ante os compañeiros e compañeiras, o sentido da súa proposta", comentan sobre este pequeno proxecto.

'Noite de estrelas; observa as estrelas e pide un desexo pola paz' é a seguinte actividade do Club de Ciencias en colaboración co Observatorio de Astronomía da Universidade de Santiago para todo o alumnado, profesorado e persoal non docente do centro.

Co gallo da celebración do Día da Candeloria, xornada na que segundo a tradición popular casan os paxariños, alumnado de diversos niveis realizará un recitado en torno ao amor, entendido nun sentido amplo como amor romántico, amor propio, platónico, etc.

Estas actividades e outras realizadas no IES de Melide, nesta semana especial na que se pon de manifesto que o galego é a lingua do alumnado e profesorado, poden verse no blog de '21 días co galego e máis' na publicación dedicada ao día 8 da iniciativa.

Prazo aberto para os menores de 35 anos solicitar axudas á adquisición de vivenda

Unha casa de pedra como as que poden adquirir con estas axudas. / Foto arquivo

Aberto o prazo para os menores de 35 anos poidan solicitar axudas para á adquisición de vivenda da Xunta de Galicia.

Estas subvencións teñen un investimento de 1,55 millóns de euros para apoiar á mocidade, un dos colectivos con maiores dificultades económicas, a mercar a súa vivenda habitual en municipios cunha poboación que non supere os 10.000 habitantes; polo que todos os concellos da comarca da Terra de Melide están dentro dos parámetros establecidos para acollerse a esta subvención. Os incentivos previstos poden chegar ata un máximo de 18.000 euros por inmoble, sempre e cando a cuantía non supere o 20% do prezo total da compra.

Outro requisito para acceder a esta liña económica é que a vivenda xa estea construída, independentemente de ser está usada ou non, non supere os 120.000 euros e que a operación de compravenda se realizara con posterioridade ao 15 de novembro do 2022.

Estas axudas poden solicitarse ata o vindeiro 31 de outubro ou o momento no que se esgote o crédito. As solicitudes deben presentarse preferiblemente por vía electrónica.

Furelos conta cunha senda peonil de acceso á Área Recreativa do río

A senda peonil de Furelos rematada estes días. / Foto: Concello de Melide

A parroquia de Furelos en Melide, conta cunha senda peonil de acceso á Área Recreativa do río.

Logo da petición desta mellora na N-547, a altura de Furelos, por parte do Concello de Melide á Subdelegada do Goberno na Coruña, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana realizou os traballos necesarios para dotar dunha maior seguridade para os peóns que camiñan, especialmente no verán que é cando aumenta o fluxo de persoas no municipio, á Área Recreativa do río Furelos.

Melide, Toques e Santiso acollen a primeira proba da Liga Galega Raids de Orientación

Os alcaldes dos tres concellos da comarca que acollen esta proba galega de Raids de Orientación. / Foto: Concello Melide

Tres concellos da comarca, Melide, Toques e Santiso organizan, xunto con Xesta Natureza e a Federación Galega de Orientación, a primeira proba da Liga Galega Raids de Orientación: Raid interior de Galicia, dende o Ulla ata o Bocelo. Esta proba vaise realizar o vindeiro sábado 18 de marzo e formará parte do Campionato Galego.

Esta proba percorrerá diversas paisaxes naturais da contorna destes municipios como o Embalse de Portodemouros, onde se realizará a proba de *kaiak*, ata a cima dos Montes do Bocelo, o punto máis alto da provincia da Coruña; o que servirá tamén para poñer en valor os elementos patrimoniais, naturais e históricos de Santiso, Toques e Melide. Esta parte da competición estenderase ao longo duns 80 quilómetros cunha duración aproximada de 10 horas.

Os equipos participantes, compostos por entre 2 e 5 membros, coa obrigatoriedade de que sexan mixtos, distribuiranse en 3 categorías. Ademais, serán outras 3 as disciplinas que compoñen a proba: *trekking*, *mtbo* (orientación en bicicleta de montaña) e *kaiak*. O prazo de inscrición abriuse o pasado 2 de febreiro, a través da plataforma www.tracktherace.com.

Na presentación desta proba, feita no salón de actos do Concello de Melide, estiveron os alcaldes das tres localidades polos que transcorre esta parte da competición da Liga Galega de Raids de Orientación. Para os representantes de Toques, Santiso e Melide a idea é "reforzar a presenza dos tres municipios no mapa do deporte exterior e de aventura de Galicia".

Dende as Administracións locais que organizan esta primeira proba fan fincapé en que este evento deportivo constitúe o escaparate idóneo para seguir difundindo o valor patrimonial, cultural e paisaxístico dos tres concellos a través de paraxes excepcionais entre o río Ulla e os Montes do Bocelo. O encanto destes lugares escolmado para esta parte da competición pode ser un reclamo máis para as persoas interesadas en anotarse a este evento no que se combina o deporte e a natureza. De feito, en orientación o medioambiente é o terreo de xogo por iso tamén está nas mans dos equipos participantes coidalo, respectalo e conservalo. Outra parte de responsabilidade tena a organización, dado que dende a Federación Galega de Orientación fan fincapé en crear probas sostibles que inclúan aspectos como: punto de reciclaxe no centro da competición ou eliminar as botellas de auga monodose.

A maiores, esta esixente proba de Raids de Orientación converterase nun motivo máis polo que visitar Santiso, Toques e Melide durante a fin de semana, o que implicará un retorno económico para o tecido comercial, hostaleiro e de ocio destes concellos.

Os clubs e entidades deportivas poderán solicitar axudas para fomentar a actividade física nos municipios da provincia

Os clubs e entidades deportivas poderán solicitar axudas para fomentar a actividade física nos municipios da provincia da Coruña, emitidas pola Deputación, a través do seu departamento de deportes.

No caso das entidades deben ser sen ánimo de lucro e con actividades que buscan a mellora da condición física, a ocupación activa do tempo de lecer, o deporte de carácter afeccionado ou popular e a participación en competicións deportivas que non sexan organizadas polas federacións. Outra liña de axudas diríxese á rehabilitación ou mellora de instalacións, obra nova e edificios de uso deportivo. A seguinte parte está destinada ao desenvolvemento de grandes eventos deportivos singulares de especial interese na provincia, estas citas terán que estar incluídos no calendario de competicións oficial correspondente.

Pola outra banda, os clubs deportivos teñen outras tres liñas de axuda: a primeira, dirixida a clubs que conten con equipos ou deportistas que participen en competicións oficiais federadas de ámbito local, provincial ou autonómico ao longo deste 2023. Con esta axuda poderanse subvencionar os gastos ocasionados polo exercicio das funcións dos clubs deportivos no desenvolvemento da súa actividade federada. A segunda liña de axudas está dirixida a clubs que conten con equipos ou deportistas que participen en competicións oficiais federadas de ámbito nacional ou internacional durante este ano, aínda que algúns dos outros equipos participen en competicións de rango inferior. Por último, este programa ten unha partida económica destinada á compra de vehículos de catro modalidades deportivas: piragüismo, remo, salvamento e socorrismo e vela. Neste caso, unicamente serán obxecto de axuda os gastos de adquisición de vehículos para favorecer os desprazamentos dos deportistas e o traslado do material deportivo no transcurso da competición deportiva que se celebre no eido da provincia durante este ano 2023.

Un dos equipos do Cire entrenando no campo de fútbol. / Foto: Cire de Melide

Ademais, estas axudas económicas da Administración provincial teñen por finalidade contribuír a fomentar a participación da cidadanía nos distintos ámbitos do deporte base, a igualdade de xénero e o deporte inclusivo. O prazo de solicitude desta subvención é ata o 17 de febreiro.

Melide estivo presente en Fitur para promocionar o Camiño de Santiago e a nosa gastronomía tradicional

Varios alcaldes e alcaldesas de diversos municipios galegos entre os que se atopa o rexedor de Melide. / Foto: C. Melide

O alcalde de Melide, José Manuel Pérez, e o concelleiro de promoción económica, Xosé Igrezas acoden á Feira Internacional de Turismo, Fitur, en Madrid para promocionar o Camiño de Santiago e a gastronomía tradicional da vila.

Nesta cita Melide estivo presente co resto de concellos da Mancomunidade do Camiño Francés para promover esta ruta xacobea e o seu impacto positivo nas cifras do turismo local. Dende a Administración municipal manifestan que durante as xornadas nas que estiveron en Fitur centráronse en "eventos como a Festa do Melindre ou expoñentes patrimoniais, históricos e paisaxísticos como o Camiño de Santiago ao paso pola localidade". Fitur é un espazo que reúne instituciónes e empresas turísticas de todo o mundo, feito que sinala a importancia de contar con presenza neste evento.

O Camiño de Santiago, impulsado polo recente Xacobeo de dous anos, tense consolidado como o gran polo de atracción turística de municipios como Melide ou Toques, situados no trazado Francés e Primitivo. Entre os meses de maio e setembro de 2022 pasaron pola vila un total de 16.721 peregrinos, dos cales preto dun 36% eran estranxeiros. Estes datos animan o sector e convidan a apostar pola internalización do turismo melidao.

O alcalde de Melide fixo fincapé na importancia de que os concellos da ruta xacobea colaboren en iniciativas coma esta, xa que "promover un destino turístico amplo e integrador arredor do Camiño de Santiago significa un impacto social e económico positivo para todos os concellos que conforman a ruta". Neste sentido, o rexedor amosouse confiado de que "pasado o Xacobeo, Melide e o Camiño seguirán captando visitantes se mantemos o interese vivo a través de iniciativas como esta que presentamos hoxe en Fitur".

Por outra banda, Xosé Igrexas, concelleiro de promoción económica, considerou que "a promoción da Festa do Melindre, cuxa trixésima edición foi un éxito total, e do Camiño de Santiago supón contar con dous recursos excepcionais para destacar Melide nos mapas turísticos de Galicia".

Ademais, o Concello asociouse en 2021 á rede de Destinos Turísticos Intelixentes e como tal, destacan dende a Administración local, promóvese "un modelo de turismo innovador sobre infraestruturas tecnolóxicas de vangarda e orientado ao desenvolvemento sostible do sector".

Este venres arrinca o Entroido melidá cunha programación diversa para todas as idades

Un dos disfraces participantes no Concurso de Entroido do ano pasado celebrado en Melide. / Foto de arquivo

Este venres, 17 de febreiro, arrinca o Entroido melidá cunha programación diversa para todas as idades.

O primeiro día de celebración do Entroido é a quenda do alumnado e profesorado do Conservatorio Profesional de Música de Melide que ás 20:00 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita deleitarán aos alí presentes cun Concerto especial.

O sábado 18 tócalle desfrutar aos máis cativos, dado que nas Prazas das Coles (en caso de choiva no Pazo de Congresos) haberá unha festa infantil de disfraces con xogos, baile, música e obradoiros dende as 17:00 horas ata as 19:00 horas. Ao finalizar esta troula para as crianzas será o Pasarrúas de Entroido acompañado do Folión gaiteiro (Herba Grileira). Máis tarde na Praza das Coles Foliada con degustación de produtos típicos desta época do ano.

Na tarde do domingo chega a Melide o tradicional Concurso de Disfraces, ás 16:30 horas será a recepción de participantes no Cantón de San Roque, de onde sairán para realizar o desfile a partir das 17:30 horas ata chegar ao Pazo de Congresos. Será neste espazo onde se celebrará o Concurso no que se van repartir premios nas categorías de: comparsas (máis de 8 persoas) cun premio de 1.000 e outro de 700 euros; grupos (entre 3 e 8 participantes), premios de 400 e 3000 euros; e por último, individuais ou parellas (unha ou dúas persoas), con 100 e 150 euros en premios. No caso de choiva cancelarase o desfile e a recepción no Cantón de San Roque dos participantes e realizarase no Pazo de Congresos.

O luns 20 de febreiro festa de inchábeis de 16:00 a 20:00 horas no Pazo de Congresos con entrada libre e gratuíta.

Para despedir as xornadas de troula, o martes ás 19:00 horas Pasarrúas do Entroido acompañado de Gaiteiros do País e ao remate na Praza das Coles actuación musical cos Viqueiras de Ordes e os seus cabezudos con degustación de doces e chocolate. Ás 21:00 horas lectura do pregón e queima do Entroido. Ademais, de luns a mércores haberá talleres de entroido para as crianzas.

25 & 26
FEBREIRO
2023
mercaMelide
FEIRA DE OPORTUNIDADES
PAZO DE CONGRESOS
HORARIO CONTINUO DE 11:00 A 20:00
Melide
SERVIZO GRATUÍTO DE ANIMACIÓN INFANTIL (+4 ANOS)
DE 11:00 A 14:00 E DE 16:00 A 20:00
FOGAR | MOBLE | MENAXE | DECORACIÓN | MERCERÍA
MODA | CALZADO | LENCERÍA | PERFUMERÍA | BELEZA
TECNOLOXÍA | SEGUROS | DEPORTES | COMPLEMENTOS
Concello de Melide
Merca en Melide
Cerne de Galicia
CCA Melide
ASETEM
galicia
XUNTA DE GALICIA

ESTACIÓN DE SERVIZOS CORREDOIRAS

Horario de apertura:
De luns a venres
07:00 - 22:00 horas

Teléfono: 981 51 60 04
Corredoiras, 5, 15816 As Corredoiras
(A Coruña)

PRÓXIMA APERTURA

4 DE MARZO

el almacén del colchón
by ESPOMASA

COLCHONES, SOFÁS, BASES, SOMIERES...
CON DESCUENTO POR APERTURA
REGALOS SORPRESA!!

UN NUEVO CONCEPTO DE DESCANSO

TE ESPERAMOS en MELIDE: Nacional 547 - 15800 Furelos (A Coruña)

CARPINTERÍA VILLAMOR

"Todo tipo de traballos en madeira"

Irago de Abaixo, Villamor
15806 - Toques
Teléfono: 636 69 42 02

Creaciones MJ

"Tenda de roupa de home e taller de confección a medida de prendas para eventos como chaquetas, traxes, pantalóns, xerseis, camisas, etc"

Rúa Alexandre Bóveda, 7
15800 - Melide
669 572 436

A Deputación da Coruña organiza un curso de defensa persoal feminina en Santiso

Varias das mulleres asistentes ao curso o ano pasado en Melide. / Foto: C.M

A Deputación da Coruña organiza unha nova edición de cursos de defensa persoal feminina en oito concellos da provincia entre os que se atopa Santiso.

O vindeiro 3 de xuño, o municipio de Santiso acollerá este seminario dirixido a mulleres de todas as idades que desexen aprender e ensaiar técnicas de autodefensa e protocolos de actuación ante unha posible situación de perigo.

O único requisito para anotarse a estes cursos de defensa persoal feminina é estar empadroada en calquera concello da provincia coruñesa, non ten por que se na propia localidade na que se celebra o seminario. O prazo de inscrición abrirase uns días antes da data exposta para a formación e as persoas interesadas deben anotarse canto antes, dado que o número de prazas é limitado.

Os outros concellos escolmados para impartir estes cursos son: Aranga (18 de febreiro), Lousame (4 de marzo), Tordoia (8 de abril), Vimianzo (22 de abril), Valdoviño (6 de maio), Ponteceso (20 de maio) e Betanzos (10 de xuño).

A Administración provincial decidiu convocar unha nova edición destes seminarios dirixidos a incrementar o autocontrol das mulleres en situacións de estrés dada a boa acollida que tiveron estas formacións nos municipios nos que se celebraron o ano pasado, entre eles a localidade melidá.

Sobrado organiza visitas ao Balneario de Vilalba para maiores de 60 anos

Unha das piscinas do Balneario. / Foto: Balenario Attica 21 de Vilalba

O Concello de Sobrado organiza visitas ao Balneario Attica 21 de Vilalba para persoas de 60 anos ou máis, coa excepción para menores desta idade se aportan á hora da inscrición o certificado do grao de discapacidade expedido polo organismo correspondente. A veciñanza do municipio terá prioridade para ocupar as 30 prazas dispoñibles que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición presentando o modelo de solicitude no rexistro municipal.

Este programa de termalismo para maiores comeza o 6 de marzo e pódense inscribir ata o vindeiro 28 de febreiro.

Tchin Tchin
PROGRESIVOS

TU 2º PAR
DE GAFAS PROGRESIVAS
POR 1€ MÁS*

¡Perfecto para ver de lejos y de cerca!

C/ RONDA DE CORUÑA, 16
MELIDE (E-15-0012058) - 981 50 60 97

*Ver condiciones en óptica y en afflelou.es. Oferta válida del 01/01/2023 al 31/12/2023 en todas las ópticas ALAIN AFFLELOU.

Comeza o xuízo do crime de Toques coa petición de 18 anos de cárcere

O coche calcinado que se atopou na mesma pista que a vítima no 2019. Foto: C.V

O pasado mércores, na Audiencia Provincial da Coruña, comezou o xuízo polo coñecido como o crime de Toques, destapado polos servizos de extinción de incendios da Xunta de Galicia, que localizaron un corpo completamente calcinado nunha pista forestal da Capela á que acudiron para apagar un incendio supostamente provocado por dous irmáns para desfacerse do cadáver de Julio Cea Casal, veciño tamén de Toques co que mantiñan unha mala relación.

Durante este xuízo sentarán no banco dos acusados os dous irmáns toquenses para os que a Fiscalía pide 18 anos e 5 meses de cárcere. O terceiro acusado é un primo deles e quen, presuntamente, colaborou nas tarefas para tratar de ocultar o crime, decuberto poucas horas despois.

Os feitos sucederon na tarde do 27 de marzo despois das sete (segundo o Ministerio Público) cando a vítima se atopou cos irmáns nas proximidades da vivenda dos acusados. Por mor deste encontro produciuse unha discusión que, segundo indica a Fiscalía, derivou nunha pelexa na que o falecido recibiu tres golpes na cabeza cun obxecto similar a unha maza e que lle provocaron a morte. Logo, os acusados chamaron ao primo que se presentou no domicilio dos irmáns para axudalos a ocultar o crime.

O Concello toquense aproba os orzamentos locais para o 2023

O edificio que acolle a Administración municipal en Toques. / Foto de arquivo

O Concello de Toques vén de publicar no Boletín Oficial da Provincia da Coruña os seus orzamentos para este ano 2023, logo de non se ter presentado ningunha reclamación de carácter administrativo.

O pasado 30 de decembro o Pleno da Administración municipal aprobou os orzamentos nos que se reflictan as seguintes cifras: a suma total dos gastos do Concello toquense é de 1.762.387,88 euros. A maior parte deste presuposto local recae compra de bens correntes e de servizos con 8 22.146,10 euros.

A iniciativa deportiva 'Quedamos na Ponte' de Santiso supera todas as expectativas en canto á participación

Imaxe doutra andaina celebrada en Santiso que contou cunha ampla participación. / Foto: Concello de Santiso

A iniciativa deportiva 'Quedamos na Ponte', organizado polo Concello de Santiso e en colaboración coa asociación Abeancos Santiso, supera as expectativas en canto a participación. O éxito é rotundo dado que a máis dunha semana de celebrarse o evento xa se cubriron as prazas previstas nun primeiro momento (50 para a ruta MTB (é dicir, en bicicleta), carreira a pé e andaina e 25 a cabalo) e tiveron que amplialas para que puidera participar máis xente que se quedaba fóra a pesares de reservar a praza con ata dúas semanas de antelación.

O 26 de febreiro realizarase en Santiso esta xornada de convivencia e deporte con catro disciplinas: ruta MTB, con saída ás 9:00 horas, cunha distancia aproximada de 35 quilómetros e 800 metros de desnivel positivo; a carreira a pé, saída ás 10:00 horas, cun percorrido de 13 km (son dúas voltas ao camiño de 6,5 quilómetros); andaina, a saída neste caso será ás 10:00 horas, e terá unha ruta de 6,5 quilómetros que se fará en grupo e acompañados por un membro da organización; por último, sairán as persoa que realicen este percorrido a cabalo a partir das 10:20 horas cunha distancia de 10 km aproximadamente.

Dende a organización destacan que estas probas da iniciativa 'Quedamos na Ponte' son totalmente lúdicas e non competitivas, é unha xornada para desfrutar do deporte e da compañía nun entorno de natureza. Ademais, os percorridos están abertos ao tráfico polo que é obrigatorio para as persoas participantes respectar as normas de circulación.

Unha vez rematadas as catro modalidades, os deportistas poderán empregar o servizo de duchas que a organización pon á súa disposición e, a maiores, no Polideportivo de Santiso haberá algunha lambetada para repoñer as enerxías gastadas nesta xornada lúdica.

Este evento deportivo amosa o interese por parte da veciñanza do concello de Santiso, así como doutros municipios da comarca en participar e formar parte de iniciativas que promovan o deporte en entorno naturais como a Ponte de Arcediago e para realizar en compañía da familia ou de amigos, para todas as idades.

Zoelas estrea 'A Cuneta da Vergoña' para proxectar luz sobre esa verdade silenciada

Unha das imaxes do videoclip de 'Cuneta da Vergoña' de Zoelas. / Foto: Zoelas

Zoelas estrea o videoclip de 'A Cuneta da Vergoña', unha canción dedicada ás irmáns Corral Garrido, represaliadas durante a Guerra Civil.

Dende o grupo fan fincapé en que esta peza nace "para encontrarse no seu camiño con persoas que, moito antes que Zoelas, sentiron a necesidade de proxectar luz sobre esa verdade silenciada".

'A Cuneta da Vergoña' é unha das historia recollidas por Montse Fajardo en Cesto de Mazás. Esta peza pode escoitarse en Youtube no perfil de Zoelas.

A Deputación vai destinar máis de 400.000 euros para a conservación de sete estradas da comarca

Un grupo de traballo realizando tarefas de conservación. / Foto: D. Coruña

A Deputación da Coruña vai destinar, neste 2023, 400.318,79 euros para a conservación de sete estradas da comarca.

Estas actuacións están enmarcadas no Plan de Conservación de Vías Provinciais da Administración coruñesa nesta primeira fase.

O plan contempla a execución de traballos de mantemento, reparación do firme e pavimentación de estradas dependentes da Deputación, destinadas a mellorar as condicións de circulación, aumentar a seguridade viaria e reducir a súa perigosidade.

A maior parte dos investimentos destinaranse á renovación de firmes e capas e rodadura, así como a renovación da sinalización vertical e horizontal, mentres que a apertura e limpeza de cunetas e a instalación de defensas viais ou obras de drenaxe, supoñen arredor do 15% dos investimentos.

No caso da comarca da Terra de Melide, faranse obras en todos os concellos: na DP 4601 da estrada de Melide a Toques a Figueiras (4.920,12€), DP 4602 de Furelos a Melide a Meire e prolongación (18.190,37€), DP 4603 de Melide a Ribadulla (54.170,39€), DP 4604 de Melide a As Pías por Toques (138.861,02€), DP 7901 de Chorén ao lugar da Cruz (22.526,20€), DP 8001 de Cruces a Penablanca (144.171,43€), DP 8002 de Camino a San Antolín (17.479,26€).

Récord de contraetiquetas expedidas polo Consello Regulador da DOP Arzúa - Ulloa

Varios pratos con mostras dos diferentes queixos da denominación de orixe. / Foto: Arzúa - Ulloa DOP

O Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida Arzúa - Ulloa expediu 4.247.000 contraetiquetas no 2022, o que supón un novo récord.

Estes datos amosan o éxito e a boa acollida que ten o queixo desta denominación de orixe entre os consumidores, dado que é un 5,38% por encima que no ano 2021. Son xa catro anos consecutivos subindo as cifras de contraetiquetas expedidas.

Os datos dos quilos de queixo coñecerase ao longo deste mes de febreiro pero todo apunta a que o 2022 foi un moi bo ano para o queixo galego en xeral e para o Arzúa - Ulloa en particular.

Éxito para os esgrimistas de Escola Ayude para abrir a nova temporada

Os esgrimistas e responsables da escola na competición. / Foto: Escola Ayude

Os esgrimistas da Escola Ayude, Carla Fernández e Aron Ayude, rematan a primeira competición da temporada con uns resultados de éxito.

A cita foi en Santiago de Compostela, a onde acudiron deportistas nacionais e internacionais. No caso de Carla Fernández de 35 tiradoras que comezaron acabou no posto 18; pola parte masculina, Aron Ayude, despois de 8 anos sen pisar as pistas de esgrima sobe ata o número 16 de 67 tiradores, o que se traduce nuns grandes resultados para ambos.

Aprobado o programa de actividades da Asociación de Troiteiros Río Furelos

Membros da asociación nun tramo do río facendo limpeza. / Foto de arquivo

A Asociación de Troiteiros Río Furelos reuniuse en Asemblea Xeral Ordinaria o pasado 28 de xaneiro para, entre outras cuestións, aprobar o programa de actividades da entidade para realizar ao longo deste ano 2023.

Esta xuntanza estivo presidida polo presidente da asociación, Xavier Pazo Blanco, e acudiron a ela o 70% das persoas asociadas. No acto repasáronse as xestións feitas durante o 2022, aprobáronse os presupostos para o ano entrante, a cota do socio e as actividades programadas.

Na actualidade, a Asociación de Troiteiros Río Furelos conta con 325 persoas asociadas.

As actividades acordadas para realizar neste ano son: mantemento dos accesos e sinais de couto e vedados do Río Furelos, facer as enquisas de esforzo pesqueiro ano 2023 no Couto do río, mantemento da escala do Fulicheiro, coutos do primeiro día o 19 de marzo gratis con previamente un sorteo, XIX Campionato de pesca da Terra de Melide o 15 de abril, XVI Máster de Campións de pesca á mosca o 6 de maio, XVI Pesca e Ceiba o 3 de xuño, Día do Socio o 5 de agosto, XX Xornadas de limpeza do Río Furelos e afluentes o 26 de agosto e o 2 e 9 de setembro, facer a campaña de Proxecto Ríos de Adega de primavera e outono, taller de montaxe de pesca e de culleriña.

Xascariz presenta 'Regalía' o próximo domingo en Melide

Xascariz nun concerto de presentación do disco en Madrid. / Foto: Suso Ascariz

O grupo Xascariz presenta 'Regalía', o seu primeiro disco, o próximo domingo 26 de febreiro no Centro Sociocultural Mingos de Pita en Melide ás 19:00 horas.

O gaiteiro Suso Ascariz volve pisar o escenario do auditorio melidense pasar deleitar ao público da comarca coas súas novas pezas musicais.

Este traballo discográfico conta con nove temas, catro cantados e cinco instrumentais. Un proxecto no que "a xente vai atopar música folk galega, todo temas novos de creación miña e con arranxos de Pedro Pascual", fai fincapé o seu autor, Suso Ascariz, nunha entrevista publicada no Cerne de decembro.

Ademais, nesta presentación os membros de Xascariz non estarán sos, dado que segundo nos adiantou Ascariz contarán con varios músicos convidados para gozar das mellores pezas neste evento musical.

Move a Lingua! é o lema do Día dos Medios en Galego deste ano

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 201. Novembro 2022. Distribución gratuíta

ASETEM e a Deputación reúnense para buscar unha solución á falta de solo industrial na vila

Varios membros da directiva e empresarios asociados a ASETEM - CCA mantiveron unha reunión de traballo co presidente da Deputación da Coruña para buscar unha solución á falta de solo industrial no municipio. Unha necesidade, prioritaria para o sector empresarial, que urxe resolver para poder crecer como pobo e que novas empresas fixen as súas sedes en Melide. Pola súa banda, Formoso compartiu a necesidade de dotar a vila de solo industrial. P3

EMPRESA
A iniciativa 'Mercar no teu comercio ten premio' repartirá 1.000 euros en premios P5

MELIDE
O 5º contedor chega ao

Parte da portada do Cerne, un medio integramente en galego. / Foto de arquivo

Como cada 7 de febreiro, a Asociación de Medios en Galego celebrou o Día dos Medios en Galego co lema: Move a Lingua!

En 1876 en Ourense Valetín Lamas Carvajal editaba 'O tío Marcos d'A Portela', a primeira publicación xornalística realizada integramente en lingua galega.

En 2023 somos máis de 130 medios os que utilizamos a nosa lingua como vehículo, como ferramenta, como obxectivo en si mesmo. Máis de 100 medios dignificamos o galego.

Ángel Curtis presenta o seu novo libro para aprender a meditar e relaxarse en Melide



Ángel Curtis, autor do libro, 'Meditación. Un nuevo camino. Descúbrelo'. / Foto: A.C

O escritor Ángel Curtis presenta o vindeiro venres 24 de febreiro ás 20:00 horas no Salón de Actos da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide a súa nova publicación, 'Meditación. Un nuevo camino. Descúbrelo'. Un libro no que o autor ensina a meditar que segundo afirma "é un estado natural do ser humano, necesitamos concentrarnos no aquí e agora".

O coñecido como Rey do faquirismo está inmerso no mundo da meditación, *mindfulness* e a relaxación, cun forte compromiso co medio ambiente polo que na súa publicación dedica un apartado específico a "entrar en contacto coa natureza porque temos a obriga de coidar a biodiversidade do noso ecosistema, mantendo os mares e os montes limpos".

O venres 24 Ángel Curtis explicará máis polo miúdo os aspectos importantes do seu libro, co cal nos podemos facer na mesma presentación ou senón a través da súa páxina web: angelcurtis.com. O escritor anima a toda a veciñanza da comarca a acudir a esta presentación para profundizar na lectura da súa obra e poder aprender máis sobre meditación, *mindfulness* e relaxación.

“A vivenda e a mobilidade son os grandes obstáculos para que as persoas decidan vivir nun concello do rural galego”

Conversamos con María Fernández e María Mellid, traballadoras do GDR Ulla Tambre Mandeo para coñecer as tarefas que realizan a diario dende esta entidade na que se promoven os proxectos empresariais e turísticos de nove concellos rurais da contorna. Dende esta asociación preparan estratexias de desenvolvemento para converter estas vila nun rural vivo e dinámico.

- Para a xente que non vos coñece, cal é o traballo que realizades no GDR Ulla Tambre Mandeo a diario?

- María Fernández: O GDR é unha asociación sen ánimo de lucro que xestiona as axudas do Leader, que son axudas europeas que teñen varias características pero unha delas é que se implantan a nivel local, neste caso para nove concellos: Arzúa, Boimorto, Touro, O Pino, Melide, Santiso, Toques e Vilasantar. Entón coas axudas Leader facemos da seguinte maneira, cada cinco anos facemos unha estratexia na que a xente participa para amosar os principais recursos e as nosas principais debilidades, a raíz dese proceso participativo sae a estratexia cos seus obxectivos e estes plásmanse nun baremo. Logo, entre Europa, o Ministerio e a Xunta dannos un orzamento para executar neses cinco anos. Con este diñeiro damos axudas a empresas, especialmente, a proxectos non produtivos promovidos por Administracións locais e por asociacións, e pola outra parte temos un orzamento para facer difusión dalgún sector ou aspecto concreto do territorio e pequenas accións de formación.

- Cal foi a participación neste último proceso?

- M.F: Unhas 250 persoas, de feito en Melide, por exemplo, tivemos a mesa das mulleres e participaron arredor de 35 - 40 persoas. Ademais, temos no GDR temos como 60 asociacións asociadas polo que dende estas entidades tamén participa un número maior de persoas. Máis adiante, entre marzo e abril, volverá haber unha consulta de participación para acabar de fixar o obxectivos para a vindeira estratexia 2023 - 2027.

María Fernández e María Mellid na información de turismo habilitada na sede do GDR no Pino. / Foto: Cerne

- En que lles axudades vós as empresas e novas persoas emprendedoras?

- María Mellid: O principal é axudarlles a solicitar as axudas económicas do Leader, cos anexos e coa documentación que deben achegar. Logo, dependendo do momento no que estea o proxecto asesorámolo dun xeito ou doutro.

- Cales son os trazos xerais desta nova estratexia?

- M.F: As cousas que máis saíron das reunións foron sobre todo dúas: vivenda e transporte. A xente queixase de que hai pouca mobilidade e, no tema de vivenda, onde hai Camiño de Santiago é un lío e por onde non pasa simplemente non hai vivenda. Nós non podemos financiar vivenda pero si facer unha estratexia cuns obxectivos máis amplos.

- M.M: Realizar accións de difusión, había un proxecto que ao final non se fixo pero que consistía en facer un banco de recursos ociosos tanto de vivenda como de locais ou terras, ver o que se está desaproveitando e poñelo no mercado para que se utilice.

- M.F: Despois a xente quéixase moito da burocracia porque as licenzas van lentas. Habería que poñer facilidades ás poucas persoas que se queren ir vivir a pequenos lugares como Toques. Ademais, hai moita demanda de actividades ou espazos para a mocidade de entre 12 a 25 anos que non saben que facer, moitos non teñen coche para desprazarse, as iniciativas programadas para as crianzas xa non lles gustan, polo que demandan certas accións para eles e elas porque os temos un pouco abandonados. Necesitan actividades para gozar do seu tempo libre e de ocio no entorno rural no que viven.

- M.M: Fixemos unha reunión específica para a mocidade porque esta demanda xa a detectamos internamente porque no GDR esa franxa de idade ten pouca presenza, tanto a nivel de asociacións de mocidade como de mocidade dentro das propias asociacións. Por esta razón decidimos facer unha xuntanza na que reunirnos con persoas desta franxa de idade para telos en conta.

- Cales credes vós que son os maiores atractivos turísticos da zona?

- M.M: Na estratexia pasada saíron recursos prioritarios que son: o Camiño de Santiago, a Fervenza das Brañas, San Antolín de Toques, a Lagoa de Sobrado, Campamento Romano de Ciadella, Praza do Convento de Melide, Río Ulla, Igrexa de Santa María de Mezonzo en Vilasantar e o Embalse e a Barcaza de Portodemouros; detectamos que estes eran os recursos prioritarios polo seu atractivo turístico, cremos que poden animar a visitantes por si mesmos.

- Que é a marca Camiños de Auga?

- M.M: É a marca que fixemos cando comezamos coa promoción turística do territorio máis en serio. Creouse no ano da COVID, xa que fixemos unha campaña turística en liña porque había que animar un pouco o sector e dende aquela xa a implementamos nas sucesivas accións que fixemos para que teña máis percorrido. En Camiños de Auga englobamos todas as accións de promoción do turismo que facemos, dende participación en feiras, xornadas específicas, e ata as rutas cicloturistas. Estas rutas para facer en bici percorren varios dos grandes atractivos turísticos dos concellos da zona como pode ser a Ruta Cicloturista Centro Xeográfico de Galicia dende Melide.

- M.F: Imos na mesma liña sempre porque a nova estratexia vaise chamar Camiños Fluviais, onde temos os ríos e os camiños.

MAMÁ XOANA

Mamá Xoana di que unha vez foi pequena aínda que non o pareza.
Recorda cando ía a escola a pé, daquela non había un autobús que os recollera e os devolvera á casa pola tarde.
Que camiñaban moito e moi cedo con chuvia, xeada ou neve cando aínda non despuntaba o día. Tamén di que había carambos!
Conta que daquela nenos e nenas non tiñan deportivas nin chuvasqueiros. No mellor dos casos un par de zapatos para ir a misa os domingos e que non esquece cando seus pais lle mercaron na feira os seus primeiros zocos porque por iso fixo festa soñando con ser de maior unha bailarina dun teatro afamado.
Ela afirma que nunca tiña frío xa que non era quen de quedarse queda. Que subía as árbores, cunha palliña sacaba os grilos da terra, corría detrás dos cadelos, cabalgaba enriba das ovellas,...
E que levaba o abrigo herdado da súa irmá que soia deixar moi vello e remendado.
Di que a volta da escola secaban os calcetíns calados ata arriba na lareira, na mesma onde a súa nai lles daba de merenda unha cunca de caldo as veces cun anaquiño de pan que mesmo lle sabía a gloria.
Non tiñan camas para tantos como foron. Once irmáns e dous malpartos.
Cámbialle a faciana cando fala da tristura da súa nai, emoción que a posuíu ata o derradeiro día do seu pasamento.
Suspira e di en baixiño "a vida que nos tocou" e segue o seu falar con resignación coma se tivese que cargar coa cruz do mesmiño Xesús do Ceo Querido do que é tan devota.
Voltan as risas ao falar dos seus catro irmáns cos que compartía cama de tanta festa como facían. Risas e medos de contos do Samaín grazas aos que crían ferventemente que o home do saco ía vir buscalos para comelos crus.
Que pouco me gusta escoitarlle que as pasaron canutas, pero foi certo.
Con oito anos foi servir á casa grande onde subida nun banqueto fregaba a louza ou lavaba a man algunha peza de roupa dunha nena da súa idade que de bonita que era semellaba algunha santiña da Capela da Santa Cruz, e como a miña bisavoa era morocha pois...
E que seu pai marchou facer as Américas dende o peirao de Vigo, que non puideron ir despedilo e que nunca na vida voltou nin souberon o que del fora.
Suspira! E eu non podo tragar máis bágoas porque de certo acabaran por me afogar se non cala.
Préstame moito vela cando subo ao autobús de Purita polas mañás. Lánzame coa man un bico enorme que recollo e o encerro no meu puño e o apreto contra o meu corazón porque me da caloriño dabondo para pasar o día lonxe dela.
E como se o tempo se detivera alí está de novo chea de sorrisos agardándome cando volto á casa a mediodía.
Ela pregunta, portáchete ben?
Está feita un saquiño de osos pero é preciosa. Si, por fora pero sabor de todo por dentro.
Encántanos durmir con ela que non para de falar ata que lle pode o sono.
Conta que coñeceu a un mozo, co que logo casou, cando foi ao cine por primeira vez e que non pode recordar que película foi ver porque pasou todo o tempo mirando para aquel rapaz que estaba dúas filas máis arriba e que non deixaba de sorrirlle.
Hoxe vimos xuntas unha peli na SMART TV que mercaron meus pais polo Nadal e da que di é tan grande, tan grande, que semella van saír dela as persoas e logo van vir xantar connosco xunto hoxe que as pitas non puxeron nada.
E, de súpeto, bótase a rir como unha toliña.
Bisa, polos teus saborosos biscoitos, polas chulas que as bordas de ricas que están, polos botóns que segues a poñer cando se caen das nosas camisas, polos ovos das túas pitiñas, polo caloriño do teu colo a pesares de ser xa unha rapazotas ben grandes, pola túa bondade e por toda a túa vida adicada a nós:

MOITAS GRAZAS BISIÑA QUERIDA!!!

Marga Piñeiro Díaz
Biblioteca do CEIP Arcediago de Santiso

ANÚNCIATE EN VERBENA FM A EMISORA DE MODA

Grazas ao convenio asinado entre ASETEM - CCA e Verbena FM se es un comercio asociado podes aproveitarte das tarifas especiais, a prezos irresistibles, para anunciarte na emisora máis festeira

Os prezos inclúen a creación do anuncio de xeito personalizado

Ti escolles o número de repeticións da publicidade

Dalle a máxima visibilidade ao teu negocio coa publicidade en Verbena FM!!

Para máis información:
981 50 61 88
698 13 23 24
Oficinas de ASETEM (Rúa Lino Sexto - Melide)

VERBENA FM
LA RADIO OFICIAL DE LAS VERBENAS
WWW.VERBENAFM.COM

SANTIAGO QUINTÁS, MELIMÁTICA

“O trato personalizado coa clientela é a nosa gran vantaxe fronte as grandes superficies”

Melimática é un comercio melidense dedicado ás novas tecnoloxías e á informática no que destaca a atención personalizada á clientela e gran variedade de produtos que responden ás diferentes necesidades de todo tipo de persoas que se acheguen a mercar. Unha tenda con moitos anos de experiencia e unha clientela fiel que confían en Melimática para todo o relacionado con este sector.

- Que podemos atopar en Melimátima?

- Santiago Quintás: A xente en Melimática ten todo o relacionado co mundo da informática e da tecnoloxía. A maiores, a reparación de equipos informáticos e telefonía móbil, entre outros servizos. Para facer as reparacións destes aparellos desprazámonos a calquera lugar, estaremos alí onde nos soliciten os nosos servizos.

- Nunha tenda coma esta para moitas persoas maiores seredes case mestres de novas tecnoloxías.

- S.Q: Intentamos máis que vender, informar á clientela do que precisa. Non somos un comercio ao uso. No meu caso, intento explicarlle como funcionan as cousas no tema da tecnoloxía para que gasten o imprescindible e nada máis.

- De feito, cada vez precisamos ter máis aparellos electrónicos por persoa.

- S.Q: Conforme pasa o tempo, aínda máis. Todo o que estea relacionado coa tecnoloxía cada vez introdúcese máis nas casas da xente, en breve chegarán as lavadoras intelixentes, neveiras intelixentes, etc.

- Actualmente cal é o produto que máis demanda a clientela?

- S.Q: Pois relacionado coa informática, ordenadores portátiles ou de sobremesa que se están vendendo bastante ben; e instalacións de telefonía móbil sobre todo.

- As persoas á hora de mercar tirámonos máis por certas marcas ou polas características do produto?

- S.Q: Intento sempre que vaian polas características do produtos porque marcas a día de hoxe quedan moi poucas neste mundo da tecnoloxía. Nos sectores da informática e a tecnoloxía as marxes son moi pequenas e para moitas marcas non é rentable, polo que colleron e marcharon para dedicarse a outras cousas. En Melimática intentámoslle explicar, ensinándolles tres marcas diferentes, que o produto que vén dentro da caixa desa marca é o mesmo.

Santiago Quintás, responsable da tenda de informática Melimática en Melide. / Foto: Cerne

- Imaxino que os prezos serán os que marcan a diferenza.

- S.Q: Os prezos máis ou menos son equivalentes tanto nunha marca como noutra, pode haber 10, 15 ou 20 euros de diferenza dunha a outra, normalmente pola estética. A non ser que te vaias xa a produtos de gama alta, de 1.000 euros para arriba, que aí xa soen existir maiores diferenzas pero o que é en gamas baixas e medias non se perciben case as diferenzas de prezo entre unhas marcas e outras.

- A xente mira moito o prezo ao mercar esta clase de aparellos?

- S.Q: Si, é o que máis miran normalmente. A clientela intenta gastar o menos posible, axustarse a un prezo e dentro dese presuposto nós intentamos atopar o mellor produto posible.

- Afectoulle ao voso sector a inflación?

- S.Q: Non, no sector da informática e as tecnoloxías foi ao revés. De feito, baixaron bastante os prezos e os que non mantivéronse. Isto vén provocado porque, aínda que aquí non o notamos porque é un sitio pequeno, en grandes poboacións ou a nivel mundial vendeuse un 30% menos no 2022 que calquera outro ano. Esta é unha gran baixada, polo que as marcas teñen moito stock e o que fan é intentar sacalo ao mellor prezo posible. Agás raras excepcións, na informática os artigos baixaron os prezos. Non obstante, isto non quita que as marcas fagan as súas subas anuais correspondentes pero non é por mor da inflación.

- Notouse no 2022 na tenda esa baixada de vendas?

- S.Q: Non, a verdade é que non notamos a baixada. Porén, intento estar informado e sei que no mercado a nivel xeral sucedeu iso.

- Como vos intentades diferenciar das grandes superficies?

- S.Q: Co trato personalizado. A min chámame un cliente ou clienta e se teño que desprazarme ao seu domicilio ou negocio fágoo sen problema, intentamos sempre facer o traballo o máis rápido posible. A maiores, ti chegas a unha gran superficie e tes varias exposicións de distintos produtos e, normalmente, non hai un experto que te asesore sobre as túas necesidades en concreto. Pola contra, en Melimática procuramos responder ás necesidades das persoas, ensinámoslle a variedade dispoñible e dicímoslle cales son as diferenzas entre eles para que a xente escolla. Non é o mesmo aparello o que necesita un estudante de enxeñería que unha persoa que precisa un portátil só para mandar catro correos electrónicos porque a día de hoxe xa os mandas co móbil.

- Outra vantaxe será a confianza que se crea entre a clientela e ti como profesional.

- S.Q: Nós levamos aquí 18 anos, polo que queiras que non vas coñecendo xente que levas tratando durante moito tempo e iso para nós é unha vantaxe. Volvemos ao de antes, procuramos diferenciarnos polo trato á clientela. E para a xente tamén é unha vantaxe porque ve que se pode confiar na nosa tenda.

- A clientela prefire arranxar os aparellos electrónicos ou mercar uns novos?

- S.Q: Nós intentamos que se arranxe. Á xente vaslle explicar: arranxalo vaiche custar tanto e a diferenza con que compres un novo é esta e logo xa cada persoa escolle o que prefire facer. Moita xente chega con aparellos de 5 ou 6 anos, medio obsoletos, pero que por un módico prezo podes deixalos para outros 5 ou 6 anos. E, no caso de non ter solución tamén llo tes que explicar á persoa para que entenda o motivo que hai detrás. A tecnoloxía cambia moito co paso do tempo, hai 10 anos só servía para chamar e na actualidade son ordenadores máis potentes que calquera dos que había fai 10 anos ou así.

Melimática
Rúa Otero Pedrayo, 6
15800, Melide
Tlf: 981 50 78 81

CERNE

Cerne 204. Febreiro 2023

Instituto de la Sordera

CAMPAÑA DE DETECCIÓN PRECOZ DE LA PÉRDIDA AUDITIVA

2023

NUESTRA MISIÓN EMPRESARIAL ES HACER SU VIDA MÁS SENCILLA CON UNA SOLUCIÓN BRILLANTE



Se colocan totalmente dentro del oído, prácticamente invisible.

No solo es un excelente audífono, es una verdadera solución multifuncional.

- **Sonido claro y variado.**
- **Conexión a teléfonos inteligentes, TV y más**
- **Tecnología recargable** (olvídese de las pilas), se cargan rápidamente y ofrecen un día completo de audición.
- **Se activan automáticamente** al retirarse del cargador y se desactivan cuando se vuelven a colocar.

PRUÉBELOS ¡UN MES GRATIS! EN CASA

Y PÁGUELOS CÓMODAMENTE EN PLAZOS DE 3, 6, 12 Ó 36 MESES

Solicite **UNA CITA** en nuestro Centro Auditivo para realizarle un completo examen auditivo, **sin coste para usted**

Estudio Auditivo Gratuito

E-15-001359

INSTITUTO DE LA SORDERA S.L.
Ronda da Coruña, 34
15800 Melide - A Coruña
Tel.: 981 50 72 87
648 75 47 61

Pedir hora